

Resolución da Presidencia do 22 de xaneiro de 2018 pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso por promoción interna en dúas prazas da escala superior de documentación do Parlamento de Galicia.

De conformidade coas medidas de planificación dos recursos humanos para o ano 2017 adoptadas pola Mesa do Parlamento de Galicia, conforme o acordo da Mesa de negociación do 3 de xullo de 2017, entre as que se inclúen dúas prazas da escala superior de documentación do Parlamento de Galicia, a Mesa do Parlamento acordou na súa reunión do 28 de novembro de 2017, a convocatoria destes postos mediante promoción interna, ao abeiro do disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia e 16 do seu Estatuto de persoal.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, e unha vez comprobadas as solicitudes e a documentación presentada polos aspirantes, ao tenor do disposto na base terceira e cuarta da convocatoria,

RESOLVO:

1º.- Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos no referido proceso selectivo,

Admitidos:

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI |
|----|----------------|------------------|-----------|
| 1 | Moreiras Plaza | María del Carmen | 34967351Z |

Excluídos: Ningún

2º.- Ordenar a publicación desta Resolución no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela 22 de xaneiro de 2018

O Presidente



Miguel Ángel Santalices Vieira